

PROGRAMA DAS XORNADAS DE PORTAS ABERTAS 2022 CAMPUS DE VIGO

CANDO?

16/xuño/2022 (xoves)

ONDE?

Sala 1 edificio Miralles (charlas) escolas, facultades e instalacións (visitas), Campus de Vigo.

QUEN PODE ASISTIR?

Alumnado de ESO e bacharelato, profesorado e equipos de orientación, ANPAS e familias.

PROGRAMA

As visitas aos centros terán unha duración aproximada de 20 minutos xa que é posible que os grupos de alumnado teñan interese por coñecer varios centros do mesmo ámbito.

11:00 h Charla xeral sobre preinscrición, matrícula e oferta formativa da Universidade de Vigo.

11:30 h Charla sobre os servizos e oferta cultural e de extensión universitaria da Universidade de Vigo.

11:45 h Formación do grupos para as visitas. Abriranse 4 grupos segundo ámbito de coñecemento. Relación de centros por ámbito no Campus Tecnolóxico de Vigo:

- Artes e Humanidades: Facultade de Filoloxía e Tradución
- Ciencias: Facultade de Bioloxía, Facultade de Ciencias do Mar, Facultade de Química
- Ciencias Xurídicas e Sociais: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Facultade de Dereito
- Enxeñaría e Arquitectura: Escola de Enxeñaría Industrial, Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

As persoas que decidan visitar o Campus Cidade (Facultade de Comercio), situado na rúa Conde de Torrecedeira 105 e 86, poderán dirixirse á secretaría do centros en horario de 10:00 a 14:00 h e coñecer as instalacións tras informar ao persoal de administración de que acceden no marco da actividade de XOU Portas Abertas Vigo.

12:00 h Inicio das visitas aos centros

14:00 h Fin das Xornadas de Portas Abertas